



**PORQUE XUNTOS SOMOS MÁIS FORTES !!!**

Ante os comentarios reflectidos polo sindicato **CUADROS** na súa pasada circular, dende a **UNIDADE DE ACCIÓN SINDICAL** aclaramos con transparencia:

Durante o tempo no que formou parte da **UNIDADE DE ACCIÓN**, **CUADROS** acordou xunto co resto dos membros desta plataforma (que concentraba o 59,29% da RLT) a **NON ASISTENCIA** a convocatorias da empresa que non foran mesas de negociación. Con todo, **CUADROS** incumpliu o compromiso adquirido, e o seu sindicato abandonou a **UNIDADE** sen mediar explicación. Así pois, dende as **SETE SECCIÓN SINDICAIS** que conformamos esta **UNIDADE**, lamentamos ter que saír a aclarar algún dos puntos da súa circular:

*“os acordos conséguense negociando...”*

**CORRECTO.** Por iso esiximos que as negociacións teñan lugar con datos sobre a mesa.


*“para negociar débese escoitar a todas as partes...”*

**CORRECTO.** Por iso tendemos constantemente a man á Empresa para a negociación, como consta nas cartas enviadas á dirección que axuntamos nas nosas circulares.

*“para escoitar débese acudir ás reunións...”*

**CORRECTO.** A aquelas nas que se conceda turno de palabra á RLT. Acudir a os adiantos de 15 minutos dos FlashIn sen opción de ser escoitados é facer de “bufón do rei”.

**A EMPRESA MOVE OS SEUS FIOS**



A Empresa, na medida das súas posibilidades, segue a mover os seus fios para restar forza a única forma lícita, real e efectiva de facer sindicalismo, que é a **UNIDADE** da Representación Legal dos Traballadores.

Por desgraza o Banco aproveítase de que *“outro sindicalismo é posible”* para ignorar as necesidades reais das traballadoras e dos traballadores.

Apostamos pola **UNIDADE** e a **TRANSPARENCIA** para acadar un xiro definitivo das relacións laborais no Banco Sabadell cara o respecto pola RLT e polo conxunto das compañeiras e dos compañeiros.

**PORQUE XUNTOS SOMOS MÁIS FORTES !!!**

**NOteQUEDEScoaDUBIDA PREGUNTA**